



Mugardos, 16 de maio de 2022

Estimadas familias:

A piques de rematarmos o proceso de avaliación de 2.º bacharelato, desexamos mantelos informados dos aspectos importantes que afectan ao desenvolvemento do calendario final deste curso. A este respecto, cómpre ter en conta os seguintes puntos:

Entrega de notas e reclamacións

O 18 de maio, a partir das 18:00 horas, publicaranse as cualificacións finais na aplicación Abalar. Os alumnos e alumnas deberán recoller os boletíns de notas o 19 de maio, ás 10:00 horas. Do mesmo xeito, comeza o prazo de reclamacións que abranguerá ata o venres, 20 de maio.

É importante lembrar que as reclamacións realizaranse por escrito, na secretaría do centro. Para iso poden empregar o modelo oficial, asinado polo alumno/a no caso de ser maior de idade ou polos seus proxenitores e titores legais, no caso de ser menor de idade.

A resolución das reclamacións será comunicada pola xefatura de estudos o 23 de maio. No caso de desacordo, abrírase outro período de reclamación ante a xefatura territorial da Consellaría de Educación, que se presentará tamén no centro.

Criterios de titulación

Para a promoción e titulación seguirase a nova lexislación educativa (LOMLOE) e a conseguinte actualización da normativa de avaliación. Todos estes cambios xa foron aprobados polos órganos de goberno do centro e teranse en conta para a aplicación definitiva das programacións didácticas.

- Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.
- Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:
 - a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
 - b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
 - c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
 - d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco.

A tramitación para a expedición do título de bacharel require, asemade, o aboamento das taxas legais correspondentes.

Matrícula de honra

Concederáse o máximo de mencións honoríficas posibles, seguindo a orde de maior a menor puntuación dos candidatos/as con nota media en 2.º Bacharelato igual ou superior a 9. En caso de empate á centésima, recorreráse ás notas de 1.º Bacharelato. O outorgamento definitivo desta distinción farase unha vez pasado o período de reclamacións.

ABAU-Convocatoria ordinaria (xuño)

O alumnado con todas as materias do bacharelato aprobadas nesta avaliación final ordinaria poderá matricularse nas probas da ABAU. Lembramos que o instituto seguira prestando apoio e o profesorado continuará co seu horario de clases preparatorias ás que recomendamos asistencia.

- Prazo de matrícula do 24 e 25 de maio, na secretaría do instituto, e pagamento das taxas na entidade bancaria.
- Realización das probas: 7, 8 e 9 de xuño.
- Lugar: Escola Universitaria Politécnica. Campus de Serantes. Ferrol
- Transporte: o instituto ofrece os desprazamentos con saída desde Ares e Mugardos só para o primeiro día das probas.

As cualificacións provisionais publicaranse on-line o día 16 de xuño, a partir das 20:00 horas.

Convocatoria extraordinaria

O alumnado con algunha materia suspensa deberá presentarse ás probas extraordinarias correspondentes que se realizarán os días 20, 21 e 22 de xuño. As notas serán publicadas na aplicación Abalar a partir das 20:00 horas do día 23 de xuño.

No caso de acadar a titulación (ver os criterios), poderá matricularse na convocatoria extrardinaria da ABAU, cuxas probas se realizarán o 12, 13 e 14 de xullo.

Para rematar, a dirección do centro quere agradecerlles ás familias todo o seu esforzo e cooperación ao longo deste curso, especialmente nos momentos máis difíciles da pandemia. As nosas portas permanecen abertas na procura da mellora permanente do servizo educativo do IES de Mugardos.

Serafín Álvarez

Director do IES de Mugardos

ies.mugardos@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.gal/centros/iesdemugardos